

CONVOCATORIA DO XXIV PREMIO VICENTE RISCO DE CIENCIAS SOCIAIS

Cos obxectivos de honrar a memoria de Vicente Risco, axudar á consolidación da cultura e a fortalecer as relacións de Galiza con Portugal e a Lusofonia, os Concellos de Allariz e Castro Caldelas (Galiza), a Fundación Vicente Risco (Allariz) e a Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro (UTAD) (Vila Real - Portugal), representada pola Escola de Ciencias Humanas e Sociais (ECHS), presentan as bases do XXIV premio Vicente Risco de Ciencias Sociais, cun valor, antes de impostos, de 4.000,00 Euros e de acordo ás seguintes cláusulas:

PRIMEIRA

Poderá participar no premio calquera persoa, sen distinción de idade ou nacionalidade, que apresente os seus textos en língua galega ou en lingua portuguesa, de acordo coas Normas Ortográficas e Morfológicas da RAG e/ou do Acordo Ortográfico da Língua Portuguesa. Os textos presentados deben ser inéditos, totalmente orixinais, non estar publicados nin traducidos en ningúm outro formato e ten que abordar **investigacións referentes á Galiza e/ou ao Norte de Portugal**, sempre desde punto de vista das Ciencias Sociais (antropoloxía, arqueoloxía, socioloxía, historia, linguística, xeografía, economía, turismo...). Os trabalhos de investigación deben ter unha extensión mínima de 150 páxinas e unha extensión máxima de 300 páxinas, tamaño DIN-A 4 e escritos a dobre espazo en letra Arial 12. Serán especialmente valorizados os textos que se adequen aos usos habituais do ensaio. A data límite para recepción de traballos será o 31 de xaneiro de 2020.

SEGUNDA

Os textos deberán ser submetidos en suporte digital (pdf) e remitidos a premiocienassociales@fundacionvicenterisco.com O texto do traballo científico será presentado apenas contendo un título na súa capa e sen identificación da autoria, para a sua avaliación anónima polo xuri. Noutro documento, submetido tamén en suporte dixital (pdf) e remitidos a premiocienassociales@fundacionvicenterisco.com, será incluída a seguinte información: Título do traballo, nome completo da autoria, Cartão de Cidadão (CC), pasaporte ou DNI, morada, telefonos e correo electrónico. Os candidatos recibirán unha confirmación oficial da recepción do seu traballo de investigación.

TERCEIRA

O xuri do premio será formado por cinco (5) elementos, ligados ao campo da cultura e das ciencias sociais, que serán nomeados polas institucións organizadoras do premio. Unha delas terá funcións de secretariado. O premio para o mellor traballo de investigación presentado será outorgado por maioria de votos.

CUARTA

O nome das persoas que integrarán o xuri será divulgado na primeira quinzena do mes de abril de 2020.

QUINTA

A decisión do xuri, inapelábel, será divulgada antes do fin de abril de 2020 e será divulgada no Facebook e no Tweteer da Fundación Vicente Risco.

SEXTA

O premio, indivisíbel, poderá ser declarado deserto, no caso de o xuri así o considere.

SÉTIMA

Os vencedores en edicións anteriores do Premio non poderán concorrer nesta edición.

OITAVA

A cuantía económica atribuída ao premio é considerada na calidade de pagamento dos dereitos de autor, quen cede estes aos organizadores, sen limitación do número de exemplares nenhos de edicións. Os dereitos de edición da obra poderán ser realizados en calquera língua, coa posibilidade de cesión de dereitos a terceiros. O beneficiario do premio receberá gratuitamente vinte e cinco (25) exemplares da obra publicada en soporte papel. O autor premiado tamén autoriza que, transcorrido un ano desde a presentación do premio, a publicación estexa accesible en descarga gratuita e aberta desde a plataforma dixital que para tal efecto habilitarán os organizadores do premio en <http://www.fundacionvicenterisco.com/>

NOVENA

O xuri poderá propor até um máximo de dous traballos adicionais para publicación, no caso de recoñecido mérito e aceitación polos autores. A publicación non implica remuneración económica e os autores terán que ceder os dereitos de autor para a primeira edición da obra.

DÉCIMA

Os orixinais non premiados serán apagados. A participación neste premio significa a aceitación das atuais cláusulas, así como das decisións do xuri.

Allariz (Galiza) e Vila Real (Trás-os-Montes e Alto Douro -Portugal)



Fundación
Vicente Risco



UNIVERSIDADE
DE TRÁS-OS-MONTES
E ALTO DOURO

utad